

AS DISTANCIAS

[Elena Trapé, 2018]

432

ESTREA EN NUMAX: 07.09.2018 | V.O.S.E. | TP

Les distàncies (2018, 100')

Dirección: Elena Trapé

Guión: Elena Trapé, Miguel Ibáñez Monroy, Josan Hatero

Elenco: Alexandra Jiménez, Miki Esparbé, Isak Férriz, Bruno Sevilla, María Ribera

Montaxe: Liana Artigal

Dirección de arte: Àngela Ribera

Vestuario: Sara Clemente, Marta Murillo

Son: Albert Manera, Anna Rajadell, Jordi Rossinyol Colomer

Fotografía: Julián Elizalde

Produtoras: KGB Media, Mar-Key Pictures (Estados Unidos)

Distribuidora: Coming Soon Films, Televisió de Catalunya, Televisión de Galicia, Televisión Española, Miss Wasabi, Busse, Halberschmidt, ICAA (España)

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Catalán, español

PREMIOS E FESTIVAIS

Málaga 2018 (Mellor filme, dirección e actriz

—Alexandra Jiménez—)

FILMOGRAFÍA

Palabras, mapas, secretos y otras cosas, 2014

Blog, 2010

La ruina, 2009 [TV]

Pijamas, 2008 [curtametraxe]

No quiero la noche, 2006 [curtametraxe]

SINOPSE

Olivia, Eloy, Guille e Anna viaxan a Berlín para visitar por sorpresa o seu amigo Comas que cumpre 35 anos. Este non os recibe como eles agardaban e durante a fin de semana as súas contradicións agroman e a amizade ponse a proba. Xuntos descubrirán que o tempo e a distancia poden cambialo todo.

«Unha desas obras que marcan o desencanto dunha xeración desde unha delicadeza expresiva ao alcance de moi poucos creadores»

Beatriz Martínez, FOTOGRAMAS



“En calquera época de cambio hai decepción”

Entrevista con Elena Trapé
Por Olga Pereda

As distancias provoca empatía co espectador porque fala de algo que coñecemos moi ben e que doe ben: a decepción. Iso é algo que veu logo porque a miña primeira idea era representar un grupo de amigos. Non se trata dun guión autobiográfico, pero é certo que é algo que coñezo na miña contorna. E claro que hai decepción, como en calquera época de cambio. Cando comecei escribilo a crise xa asomaba a cabeza. E todos pensabamos, onde é que estamos se fixemos o que tocaba facer? No caso do personaxe de Alexandra Jiménez está embarazada. Semella que aos 35 ou es nai ou xa non o es nunca. E tamén me apetece falar diso.

Calificarías o filme de retrato xeracional? Soa ambicioso de máis, non era o meu obxectivo. O contexto si que é xeracional. Falo das expectativas frustradas e de caer na conta de que xamais vas vivir como en casa de teus pais.

Por que ubicas a historia en Berlín?

Coñezo a cidade e gústame. Agora xa non tanto, pero hai cinco ou seis anos, cando pensaba no protagonista (Miki Esparbé) imaxineino vivindo alí porque ten aspiracións artísticas de fotografía e deseño gráfico. Naquela época, Berlín gozaba dunha movida underground interesante. E era barata, non como Londres ou París, que te expulsan se non triunfas. Ademais, Berlín ten unha paisaxe moi concreta e peculiar. É escura e sen centro histórico e iso interesábame moito para ubicar o que van vivir estes amigos.

Alexandra Jiménez e Miki Esparbé, aos que adoitamos ver en comedias, brillan como protagonistas escuros.

Confíaron nos personaxes, abrazáronnos con entusiasmo e sen odialos, que era o doado.

Son uns egoístas, sobre todo o

personaxe del. Non o vexo así. Máis ben fan o que poden. Coido que o que lles pasa é que teñen pouca madurez emocional, dan pouco a cara e non se comprometen. O egoísmo véxoo máis relacionado coa maldade e eles non teñen tal.

Conta na produción con Isabel Coixet, realizadora da que fixeches un documental.

Faime moita ilusión que apoie o proxecto. Cando eu tiña 18 anos e quería converterme en cineasta ela representaba que ese soño podía facerse realidade. Admireina sempre.

Publicado en elperiodico.com

Melodías alegres e letras crúas

Por Andrea G. Bermejo

Sen quere-lo, o indie español converteuse na mellor metáfora dunha xeración (...) O que nun inicio se nos presenta como unha comedia amábel con sinxelos planos e contraplanos de conversas nostáxicas no salón, pouco a pouco vaise revelando como un filme cru e descarnado, entre o thriller e o drama que, tamén entre xelidas temperaturas, soe concibir Haneke. Berlín, sen dúbida, é o elemento clave na creación desa atmosfera progresivamente opresiva, coas súas luces baixas e teitos altos. A planificación, en coidados planos secuencia que miman os distintos puntos de vista da fita, consegue que non escape ningún dos personaxes perfilados ao detalle. Ese é outro dos logros d’*As distancias*, que a través deste seguemento silencioso, consegue que empaticemos con todos os membros da panda a pesar do seu drama de cancionero indie. (...)

Cabe preguntarse de quen é o mérito de que a amiga embarazada incapaz de ocultar o medo que ten se apodere do filme. Pode que nos seus diálogos, no guión, estivesen xa os ingredientes que fan que o espectador a elixa a ela como cicerone da frustración e o desencanto dos seus amigos, pero habería que estar cego para non ver que o traballo de Alexandra Jiménez —un despregue do seu talento que toca todos os paus, desde o drama até o humor absurdo— ten moito que ver con iso.

Publicado en Cinemanía, nº276, Setembro 2018

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
agora e ven
sempre por

4€

Novas tarifas
válidas a partir
do 6 de xullo

Faite
NUMAX!